

MESA SECTORIAL DE ENSINO DO 27-05

Santiago, 27 de maio de 2021

Na reunión da **Mesa Sectorial de Educación** tratouse **PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN Á NOVA SITUACIÓN ORIXINADA POLA PANDEMIA COVID-19 PARA A CELEBRACIÓN DAS PROBAS DOS PROCESOS SELECTIVOS** DERIVADOS DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DOCENTE DOS CORPOS QUE IMPARTEN AS ENSINANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN, DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Da comezo a mesa cunha breve análise das medidas COVID adaptadas neste curso e coa preocupación das distintas Organizacións Sindicais da falta de protocolo para o vindeiro curso a estas alturas do ano.

UGT Servizos Públicos solicita que se convoque a **Comisión de Interinos** para evitar a posible perda de emprego debido á redución de distancias interpersoais e o incremento das ratios anunciado polas Administracións Públicas.

Neste curso non se fixo ningunha distinción entre o persoal docente contratado pola situación COVID e o demais persoal docente. Parécenos que foi unha medida acertada que non se vinculase a este persoal só a uns meses de contrato, senón que fose ata o remate do curso.

De cara ao vindeiro curso pensamos que se debe manter este persoal e así evitar improvisacións no futuro por parte das Consellerías de Educación e Sanidade.

A Administración informa que o protocolo do vindeiro curso aínda non está elaborado porque están centrados nas oposicións, pero que se prevé dotar aos centros con fondos COVID. Manterannos informados polo tema do profesorado COVID.

O protocolo de adaptación á nova situación orixinada pola pandemia recolle cuestións importantes, que xa se faloron nunha anterior Mesa Sectorial, na nova Orde de convocatoria, DOG 16 marzo 21.

A Administración lembra varios aspectos:

- No corpo de mestres non se amplían tribunais pero nos demais corpos incrementáronse.
- As probas comezarán en días distintos, pero os da mesma especialidade serán no mesmo día.
- Non se usarían os días 21 e 22 de xuño por ser días lectivos.

- A proba práctica realizarase preferentemente por escrito agás nalgunhas especialidade.
- Suprímese o acto de presentación.
- As Instrucións do tribunal faranse a través da páxina web.
- Existencia dunha data alternativa á primeira proba para COVID o día 10 de xuño.

O Subdirector Xeral indica que xa hai outros protocolos como o da ABAU, Administración galega, Consellería de Sanidade,... e agora tamén para as oposicións. Trátase dun proceso selectivo con moitísimos aspirantes e polo tanto é importante un protocolo adaptado á situación.

Na intervención de UGT Servizos Públicos expoñemos que antes había ata 120, 130 aspirantes por tribunal e vemos que este protocolo adáptase á situación diminuíndo ese número.

Lamentamos que non se apostara por realizar as probas en espazos ó aire libre, xa que evitaría preocupacións en temas de ventilación. Comentouse na mesa que podería haber problemas de ventilación nos talleres... entendemos que, se é así, o problema estivo presente todo o curso, non só para a oposición.

A Consellería informa de que as probas se levarán a cabo nos centros educativos agás dous tribunais (Debuxo e Deseño de interiores) que realizarán as probas en facultades.

Plantexamos a posibilidade de que os opositores poidan achegar dúbidas que xeralmente se fan o día da presentación mediante unha aplicación con anterioridade ás probas.

[Négase a posibilidade dunha canle bidireccional entre o tribunal e o persoal aspirante.](#)

Pedimos tamén que se diten instrucións para evitar as “perdas de tempo” ocasionadas polas certificacións que os presidentes dos tribunais deben remitir ao persoal que presta servizos nos procesos selectivos (membros dos tribunais e persoal colaborador) para percibir as indemnizacións que lles corresponden.

En canto ao texto do protocolo solicitamos a modificación dalgúns puntos:

Punto 2:

- Despois dos criterios básicos, no parágrafo “Para aplicar...” debería **substituírse coa suficiente antelación** por **tempo suficiente** para que os opositores se poidan organizar en canto a desprazamentos, aloxamento, dietas... propoñemos 5 días.

Indícasenos que se fará con cinco días hábiles de antelación e que este período xa está establecido.

- Último apartado, “desinfectar espazos e mobiliario”, entendemos que debería aparecer máxima de 24h ou 48h, pero non os dous.

A administración responde que está así na Orde de convocatoria e que se redactou desa maneira pensando no fin de semana que poden chegar a pasar 48 horas, pero o que se quere evitar é que se desinfecten con demasiada antelación.

Punto 3:

- Parécenos importante que se engada “unha máscara de repostro” nas medidas de hixiene respiratoria. Tamén pensamos que sería máis seguro obligar á utilización de FFP2 e así minimizar ao máximo os riscos de contaxio.

A Administración apoia a petición, aínda que nos informa de que o tribunal terá algunhas de repostro por precaución. Denega a petición da obrigación de FFP2.

- Apoiamos que sexa a persoa opositora que inicie a súa intervención a que desinfecte por varios motivos, aínda que non descartamos que o fagan os dous aspirantes, o que remata e o que accede:

- A persoa que accede sentirase máis seguro se desinfecta a zona el mesmo.

- Corresponde ó protocolo que se está a seguir nos centros.

- Neste punto se indica a prohibición de consumo de alimentos, pensamos e pedimos que se permita a posibilidade de levar un botellín de auga.

O Subdirector entende que se debería permitir, pero que o ía consultar.

Punto 4.1.1:

- Para a súa identificación o persoal opositor deberá colocar o seu DNI na mesa. Como entendemos que a máscara pode dificultar dita identificación, pedimos que veña recollido no protocolo a posibilidade de que o persoal do tribunal poida solicitar aos aspirantes que retiren un intre a máscara.

O Subdirector di que se estudiará a posibilidade de retirar a máscara en caso de dúbida na identificación do persoal opositor.

Punto 4.1.3:

- Preguntamos se en todos os tribunais se habilitará unha zona de illamento.

A Consellería informa que serán utilizadas as zonas de illamento que xa foron habilitadas para tal efecto nos centros ao longo do curso.

Por parte da Administración infórmansenos doutros aspectos:

- A data de publicación dos tribunais será o día 4 de xuño, adianta que se fixeron algúns cambios de vogal a presidente.
- Incide en que nos últimos dez minutos da proba escrita, o persoal opositor deberá permanecer na aula esperando a que o tribunal organice a saída.
- Os certificados de asistencias firmados polo tribunal repartiranse a todos os presentes.

Por último, UGT Servicios Públicos manifesta o seu **malestar** pola actuación do Director Xeral que abandonou a Mesa para anunciar á prensa, xunto co Conselleiro, as sedes e datas dos tribunais sen antes comunicalo aos representates dos traballadores e traballadoras.

No punto de **Rogos e preguntas:**

- O primeiro que plantexamos é a problemática da desaparición de vacantes definitivas como as dúas de sistemas electrónicos no IES Ricardo Mella de Vigo. Igual que a desaparición das seguintes resultas:
 - **CPI Alfonso VII de Caldas de Rei (Pontevedra)– Física e química.**
 - **CEIP Plurilingüe A Reigosa de Ponte Caldelas (Pontevedra) que le correspondería por catálogo– Música.**
- O seguinte aspecto ten que ver co número de opositores por tribunal.
Na especialidade de FOL hai 609 opositores matriculados e oito tribunais nomeados, entran 76 opositores por tribunal cumprindo a ratio de seguridade. En Servizos á Comunidade hai 652 matriculados e 6 tribunais, é dicir que a ratio é de 108 opositores

por tribunal. Cifra máis que desproporcionada. Para solventar esta situación, se non hai funcionarios de carreira suficientes, poderíase nomear persoal da especialidade de Intervención Sociocomunitaria de PES.

- Queremos saber se a Administración ten algunha data prevista para a comunicación de presidencia de tribunais, data, lugar.... [Respostada anteriormente, o 4 de xuño publicárase a composición completa dos tribunais con algún cambio de vogais a presidentes.](#)

Pedimos que se teña en conta que as data da celebración dos procesos selectivos coinciden coa festa local de Arde Lucus e que pode traer problemas de acceso as sedes dos exames.

- A Xefatura Territorial de Pontevedra denega a solicitude da creación do **CRA de Vilagarcía**, a pesar da presión das familias e o Concello. Defendemos a importancia de preservar a calidade do ensino no medio rural.

Informamos á Consellería de que a previsión de matrícula nas 4 escolas infantís nos vindeiros tres cursos supera os 50 alumnos e alumnas. A estabilización do profesorado actualmente é dunha docente definitiva e o resto interinas. Tendo en conta que foi Inspección Educativa quen animou á presentación deste proxecto, pedimos que se valore de novo a posibilidade da creación dese CRA, o CRA de Vilagarcía.

- En canto ao tema de **vacinação**, queremos saber que pasará coa segunda dose dos docentes que iniciaron a vacunación con AstraZeneca. Informamos de que segue habendo chamamentos erróneos ás provincias que non lles corresponden.

[Infórmasenos da convocatoria dunha reunión coa Directora Xeral de Saúde Pública este mesmo día, ás catro da tarde, a quen se lle poderán trasladar todas as cuestións relativas ao plan de vacunación.](#)